

VII PREMIO JOVEN EMPRESARIO de FERROLTERRA



Ferrolterra
Jóvenes Empresarias/os

26 NOVIEMBRE 2021
CASTILLO de SAN FELIPE - FERROL





PRESENTACIÓN

VII EDICIÓN PREMIOS FERROLTERRA EMPRENDE

A Asociación de Jóvenes Empresarias/os de Ferrolterra, Eume e Ortegal nace no ano 2003 a iniciativa dun grupo de empresarias/os que se unen non só para representar e defender os intereses profesionais dos seus membros senón tamén, para promover e fomentar a cultura empresarial e emprendedora da Comarca, coa finalidade de estimular o autoemprego e contribuír dalgún xeito a mellorar a situación económica e industrial actual.

Dende esta posición privilexiada de contacto continuo e acercamento co colectivo empresarial e emprendedor da comarca, AJE Ferrolterra vai organizar a **VII Edición Premios Ferrolterra Emprende** co obxecto de recoñecer e premiar a labor das/os empresarias/os que co seu esforzo contribúen a xerar riqueza e xerar emprego na sociedade e, por outra banda, servir de apoio e referencia aos/as emprendedores/as que comezan a súa andaina empresarial.

As/os premiadas/os de esta edición, como en edicións pasadas, beneficiaranse da posibilidade de optar ao Premio Xove Empresario de Galicia que se organiza de maneira anual pola Federación Galega de Xoves Empresarios (FEGAXE).

Este evento terá lugar o **26 DE NOVIEMBRO na Sala Cureñas del castillo de San Felipe** ás 19.00h.

Ademais consideramos que é unha oportunidade de comunicación e conexión na traxectoria de todas/os as/os nosas/os asociadas/os, por elo cremos moi valioso contar coa vosa presenza para intercambiar intereses e inquiredanzas que é realmente o verdadeiro obxecto de AJE Ferrolterra.





BASES DO CONCURSO

VII EDICIÓN PREMIOS FERROLTERRA EMPRENDE

Primeira: Requisitos das/os candidatas/os

- Non teren cumpridos os **41 anos** á data de presentación da súa candidatura aos premios.
- A empresa terá **domicilio social** na **comarca de Ferrolterra**.
- O **capital social** das empresas candidatas deberá estar participado nun **20%** como mínimo por **persoas físicas menores de 41 anos**.
- A empresa non poderá estar participada por entidades ou empresas de titularidade pública.

Os membros de Xunta Directiva de AJE Ferrolterra quedan excluídos como candidatos ao Premio.

Os proxectos presentado en outros anos coma proxectos emprendedores poden presentarse nesta edición coma proxectos na categoría de empresarios/as. Poden ser tanto aútonomos/as coma sociedades ou calquera outra forma xurídica.

Segunda: Premio

Nesta edición o Premios Ferrolterra Emprende 2021 comprende dúas categorías e dous accésit:

- Premio Joven Empresario/a 2021
 - Premio iniciativa emprendedora 2021
 - Accésit á Innovación.
- **Premio Joven Empresaria/o 2021:** Empresaria/o ou emprendedor/a cuia data de constitución sexa anterior ao 1 de xaneiro do 2020. A dotación dos Premios é un MBA EN DIRECCIÓN GENERAL por cortesía de la Escuela de Finanzas Business School de A Coruña.
 - **Premio Iniciativa Emprendedora 2021:** Empresaria/o ou emprendedor/a cuia data de constitución sexa posterior ao 1 de xaneiro do 2020. A dotación dos Premios é un MBA EN DIRECCIÓN GENERAL por cortesía de la Escuela de Finanzas Business School de A Coruña.
 - **Accésit á innovación.**
 - **Accésit á RSE.**





Terceira: **Ámbito territorial**

As empresas candidatas deberán ter establecemento mercantil nas comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal.

Cuarta: **Procedemento do concurso**

Unha vez rematado o prazo de presentación das candidaturas, 22 de novembro do 2021, os membros do xurado elixirán nunha reunión para tal efecto as/aos gañadoras/es de esta edición.

No caso de existir un número elevado de candidaturas a Asociación resérvase o dereito de realizar unha preselección dos proxectos.

Quinta: **Criterios de valoración**

O xurado conta coa total liberdade de criterio para a concesión do Premio, tendo en conta os seguintes criterios:

Premio Joven Empresaria/o 2021: Calidade, Innovación, Permanencia sostible no mercado, Creatividade, Implantación de procesos de calidade, Procesos de Expansión, Creación de postos de traballo, ter recoñecidos outros premios a nivel local, autonómico ou nacional.

Premio Iniciativa Emprendedora 2021 Calidade e Innovación dos proxectos de recente creación, creatividade, sostenibilidade, coñecemento do mercado e viabilidade.

Accésit á innovación: Ideas innovadoras ou Procesos de investigación que supoñan unha mellora cualitativa para a actividade da empresa ou da sociedade en xeral e a aplicación da Industria 4.0.

Accésit á RSE: crecemento sostible, actuacións de igualdade, respecto e cuidado do meidiambiente e cumprimento de ODS (objetivos de desenvolvemento sostible) das Nacións Unidas.

Sexta: **Xurado**

O Xurado que emitirá o fallo estará composto por diversas personalidades do mundo empresarial, financeiro e institucional que se irán actualizando a medida que a organización confirme ditos servizos.

As decisións do Xurado serán inapelables e adoptaranse por maioría simple. No caso de empate decidirá o voto de calidade o Presidente/a do Xurado.





Sétima: Documentación

A documentación a presentar será a seguinte:

- Modelo normalizado de presentación de candidaturas asinado e selado.
- Memoria descriptiva do proxecto empresarial.
- Declaración xurada da veracidade dos datos facilitada por AJE Ferrolterra.
- Logotipo para a difusión das/os candidatas/os en web, redes, prensa e o día do evento.
- Fotografía para redes sociais para o accésit ás novas tecnoloxías.

A presentación desta documentación non exclúe posteriores comprobacións de documentos acreditativos que puidera levar a cabo o comité organizador para a verificación de datos.

As empresas participantes poderán achegar toda a documentación que consideren oportuna para a correcta avaliación do seu proxecto.

AJE Ferrolterra resérvase o dereito de reclamar toda a documentación referida ou que estime oportuna para facilitar a realización da elección das empresas finalistas.

Oitava: Prazo e lugar de presentación de candidaturas

O prazo para a entrega da documentación será ata o día 22 de novembro ata as 23.59h, por correo electrónico a info@ajeferrolterra.org

Novena: Acto de entrega

Os galardóns entregaranse nunha gala con motivo do VII Premio Ferrolterra Emprende que terá lugar O XOVES 26 DE NOVIEMBRO DO 2021 ás 19:00 h na Sala Cureñas do Castelo de San Felipe.

Décima: Confidencialidade do xurado

A documentación facilitada polas/os participantes estará a disposición exclusivamente para o estudo por parte do xurado e será confidencial, reservándose a Asociación o dereito a facer uso dos nomes das/os participantes, imaxe corporativa e material gráfico en relación á promoción do Premio.

Os datos obtidos, co consentimento expreso do interesado, serán utilizados única e exclusivamente para o bo fin dos presentes **VII Premios Ferrolterra Emprende**. A persoa interesada pode exercer os dereitos de acceso, oposición, rectificación e cancelación en termos previstos pola Lei Orgánica 15/1999 de Protección de Datos de Carácter Persoal mediante carta a Cantón de Molíns 8-9 Entrechán axuntando a fotocopia do D.N.I.

